

Por resolución da alcaldía do 16 de novembro do 2015, acórdase conceder a compatibililade laboral a unha traballadora do servizo de axuda a domicilio municipal, solicitado pola interesada, nos seguintes términos:

A traballadora, "auxiliar de axuda a domicilio con contrato de obra e servizo determinado, está suxeita á lei de incompatibilidades tal e como establece o artigo 2 que dí:

"A presente Lei será de aplicación a:

c) O persoal ao servizo das Corporacións Locais e dos Organismos delas dependentes."

O artigo 11 da vixente *Lei de incompatibilidades* establece que o persoal comprendido no ámbito de aplicación non poderá exercer actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependendencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou entidade (concello) onde estivera destinado.

O Goberno, por Real Decreto, poderá determinar, con carácter xeral, as funcións, postos ou colectivos do sector público, incompatibles con determinadas profesións ou actividades privadas, que poidan comprometer a imparcialidad ou independencia do persoal de que se trate, impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou prexudicar os intereses xerais.

O art 12 establece que non se poderán exercer as seguintes actividades:

- a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, nos asuntos en que estea intervindo, interveña nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público.  
Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.
- b) A pertencenza a Consellos de Administración ou órganos rectores de Empresas ou Entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade (neste caso o concello) no que preste os seus servizos o persoal afectado

- c) O desempeño, por si ou persoa interposta, de cargos de todo orde en Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou suministros, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas
- d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das Empresas ou Sociedades a que se refire o párrafo anterior.

O número 2 non permite o exercicio das actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas, salvo cando se trate dunha actividade pública das enunciadas na Lei de incompatibilidades, como de prestación a tempo parcial.

O contrato de traballo da traballadora establece unha xornada ordinaria de traballo de 40 horas.

O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantiles ou industriais fora das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.

A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, que se dictará no prazo de dous meses. O órgano competente para o recoñecemento é o alcalde, ao ser o xefe superior do persoal, tal como establece o Art 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Os recoñecementos de compatibilidade non poderán modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedarán automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.

Non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, ao persoal eventual e ao persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade, ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección.

Así mesmo, por excepción e sen prexuízo das limitacións establecidas nos artigos 1.º 3, 11, 12 e 13 da presente Lei, poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa cuantía non supere o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos

que teñan a súa orixe na antigüidade. O incumplimento do disposto nos artigos anteriores será sancionado conforme ao réxime disciplinario de aplicación, sen prexuízo da executividade da incompatibilidade en que se incurrira.

O exercicio de calquera actividade compatible non servirá de excusa ao deber de residencia, á asistencia ao lugar de traballo que requira o seu posto ou cargo, nin ao atraso, negligencia ou descoido no desempeño dos mesmos. As correspondentes faltas serán calificadas e sancionadas conforme ás normas que se conteñan no réxime disciplinario aplicable, quedando automaticamente revogada a autorización ou recoñecemento de compatibilidade si na resolución correspondente se calificara de falta grave ou moi grave.

A citada traballadora non percibe complemento específico nin outro concepto retributivo equiparable, que lle impidise a compatibilidade. Aínda que, a autorización de compatibilidade para o posto de traballo na empresa privada non poderá permitirse si require a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas.”

En consecuencia autorízase a compatibilidade solicitada pola traballadora para realizar o traballo en horario de tarde, dous días á semana, de 18 a 20:30 horas, sempre e cando non se requira a súa presenza efectiva durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nesta entidade local e non coincida coa súa xornada de traballo nesta.